



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Salda Nº. 200800014622
03/07/2008 12:55:30

A Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo é o servizo encargado da representación desta Entidade perante os Xulgados e Tribunais e de coordinar a defensa xurídica da Universidade de Vigo.

Tamén desenvolverá as tarefas de asesoramento xurídico dos órganos de goberno da Universidade e de apoio aos restantes órganos e unidades da Universidade e aos seus Centros.

Por outra banda a Resolución do 11 de xullo de 2006 de delegación de competencias (DOG do 18 de xullo) dispón que "*Con independencia das competencias que lle recoñecen a LOU e os estatutos desta universidade: deléganse na secretaría xeral as seguintes competencias:*

A dependencia funcional da Asesoría Xurídica, sendo este o camiño que se debe seguir para o pedimento de consultas e informes que deba render aquela aos órganos colexiados e unipersoais, así como aos restantes membros da comunidade universitaria".

Dado que en moitas ocasións non se fai uso do canle adecuado para a petición de informes, xerándose unha duplicidade de solicitudes sobre o mesmo tema, en canto se solicitan ao mesmo tempo á Secretaría Xeral e á Asesoría Xurídica, faise necesario establecer un procedemento de solicitude de informes:

Primeiro. Poderá solicitarse informe á Asesoría Xurídica sobre dúbidas de legalidade ou estritamente xurídicas que non poidan ser resoltas polos correspondentes servizos universitarios que teñan competencia nesa materia.

Segundo. Os informes solicitaranse por escrito, a través da Secretaría Xeral, achegándose o expediente administrativo e os antecedentes necesarios para un correcto entendemento da cuestión obxecto de consulta.

Terceiro. Unha vez recibida a solicitude a Secretaría Xeral estudará se a mesma se axusta aos temas relacionados con materias universitarias e, no seu caso, a remitirá con toda a documentación á Asesoría Xurídica para que emita o informe correspondente.

Cuarto. No caso de que a Asesoría Xurídica reciba unha solicitude de informe sen pasar pola Secretaría Xeral deberá enviarlla para que esta comprobe se a solicitude se axusta aos obxectivos da Universidade.

Quinto. Emitido o informe será enviado á Secretaría Xeral que o remitirá á persoa ou órgano solicitante.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Sexto. Salvo normal legal ou regulamentaria que expresamente dispoña o contrario, os informes da Asesoría Xurídica serán facultativos e non vinculantes.

Sétimo. Queda expresamente excluído do ámbito de informes e consultas da Asesoría Xurídica o asesoramento persoal a membros da comunidade universitaria.

Vigo, 2 de xullo de 2008
A SECRETARIA XERAL



Esther González Piñado

Sr. Reitor Magnífico
Sres/as. Vicerreitores/as e Comisionados/as
Sres/as Xefes/as de Área
Sres/as e Decanos/as e Directores/as de Centros, Departamentos e Institutos
Sres/as Xefes/as de servizo
Sres/as Administradores/as de Centros e Campus.